

Dentro do proxecto CLOCK, os investigadores do CIM-UVIGO fixeron unha análise do sector pesqueiro-marisqueiro galego a través de máis de 450 enquisas e 10 entrevistas. Estes son os resultados que ilustran o estado do sector.



CAMBIO CLIMÁTICO?

A maioría do sector, profesionais das confrarías e grupos de interese consideran que as condicións ambientais están mudando e que os impactos xa están afectando aos recursos mariños e as zonas de explotación. Ante isto, parte do sector sinte que está pouco preparado. As **mulleres perciben** un pouco máis que os homes **que están menos preparadas**.



QUE VULNERABILIDADES PERCIBIMOS?



O estudo da vulnerabilidade socio-ecolóxica no sector marisqueiro destacou que as maiores vulnerabilidades percibidas polo sector están relacionadas co:

- ⇒ cambio e diminución das capturas
- ⇒ baixo nivel de cooperación e confianza

Para facer fronte a estes posibles impactos contrastáronse co sector medidas de adaptación relacionadas coa mobilidade das marisqueiras, a diversificación de especies e a diversificación de sustentos. Estas dúas últimas

medidas son percibidas polo sector como as máis factibles de realizar.

COMO NOS ADAPTAMOS?



A xente comeza a mudar artes e recursos na actividade, diversificar sustentos e migrar a outra confraría cando empezan a percibir impactos.

- As actividades de formación, a comunicación entre membros do sector e ser home se relacionan con **adaptarse e seguir dentro da actividade**.
- En cambio, a maior idade, a confianza coa xente do sector e a comunicación con líderes informais impiden a adaptación.
- O coñecemento da actividade (respecto aos recursos, hábitats, xente e a gobernanza), as actividades de formación, a comunicación con diferentes sectores artesanais, a confianza con persoas en outros postos da confraría e ser muller facilitan **diversificar sustentos**.
- En cambio, a ligazón á actividade, a experiencia, a percepción de desigualdade, a confianza dentro dos sectores e a comunicación cos líderes informais dificultan responder deste xeito.
- Ter máis actividades de formación, comunicación con diferentes sectores artesanais e ser considerado home facilita **saír da actividade pesqueira-marisqueira** ante escenarios de risco.
- En cambio, o coñecemento da actividade e a comunicación con líderes informais dificulta poder tomar esta opción.



QUE IMPLICACIÓNS TEN ADAPTARNOS?

Ambientais Baixo escenarios futuros de cambio climático, vemos que os recursos e os hábitats obxectivos do sector non cambian, pero si se percibe unha **tendencia a que certos recursos** (ameixa fina, ameixa xapónica, ameixa babosa, ameixa rubia, polbo, centola, percebe e nécora) **sustenten unha gran parte do sector**. Isto podería influír na sobre-explotación.



Sociais É de suma importancia considerar **aspectos clave como o xénero, a idade, o tamaño familiar, a percepción de risco e desigualdade do sector**. Tamén permitir que se contribúa a unha **toma de decisión participativa**, con avaliacións continuas das políticas e prácticas que se levan a cabo. De non ter en conta estes aspectos e procesos, poderíanse producir vulnerabilidades no sector no canto de facilitar a súa adaptación.

Exemplo destas vulnerabilidades serían a marxinalización de grupos sociais, a diversificación forzada, prácticas ilegais e aumento de desigualdades.

Como se adapta o sector pesqueiro-marisqueiro ao cambio climático?

Achegamos os resultados da investigación

QUEN É O SECTOR E A QUE SE DEDICA?



A meirande parte das persoas do sector proveñen dun **contexto tradicional do mar**.

Os homes dedícanse a **actividade artesanal por vocación e tradición**, mentres que as mulleres o fan por razóns económicas, mellores condicións de conciliación e como opción de adaptarse as crises.

O **33%** do sector **mudou de traballo** entre 3-5 veces na súa vida, e o **17%** **diversifican** actualmente fora da pesca.

O **salario medio** percibido ao mes é de 1.000-1.500€, **menor para as mulleres** (500-1.000€ mulleres).

COMO NOS SENTIMOS NA GOBERNANZA?

As mulleres declaran maior participación que os homes nas reunións co sector, con toda a confraría e con outras institucións. Tamén declaran maior participación nas actividades de lonxa e de xestión do recurso e medio.

Os homes declaran maior participación nas actividades de formación que as mulleres.

O **62%** considera que pode participar na **toma de decisións** do recurso da súa confraría (máis homes que mulleres).

O **59%** das mulleres (40% homes) están de acordo en que o seu sector está en **igualdade** con respecto a outros na confraría.

O **45%** dos homes (20.5% mulleres) perciben situacións de risco no seu traballo.

O **37%** das persoas considera que as veces hai **conflicto na confraría**.

Soamente o **31%** considera que **existe un capital social** que coide aos profesionais.

COMO ESTAMOS DE VINCULADOS A ACTIVIDADE E AO TERRITORIO?



A meirande parte do sector (**máis mulleres que homes**) está (moi) en desacordo con mudar de traballo ou mudarse a outra rexión a vivir aínda que tivera outras posibilidades laborais mellores. Ademais, as persoas séntense moi orgullosas de ser pescadoras – mariscadoras no seu lugar.

As persoas séntense moi orgullosas de ser pescadoras – mariscadoras no seu lugar.

COMO PERCIBIMOS O MEDIO MARIÑO?

- ⇒ **93%** consideran que **deben conservar o recurso** no futuro.
- ⇒ **84%** perciben **furtivismo na actualidade, sendo os homes quen perciben maior porcentaxe de furtivismo** nos seus sectores.
- ⇒ **51%** das persoas consideran que **o medio e territorio onde traballan está en malas condicións ambientais**.
- ⇒ **60%** das persoas (máis mulleres que homes) consideran que o **nivel de contaminación está aumentando** nos ecosistemas mariños nos últimos 10 anos.



@Futureoceanslab futureoceanslab@uvigo.es



Future Oceans Lab

+34 986 130 173